

## A Rede Municipalista Solidaria do Fondo Galego de Cooperación reúne en Caldas

- **Persoal das administracións socias revisa nestes encontros as actividades de sensibilización dispoñibles e a andaina dos proxectos en países do Sur**
- **O Concello de Caldas de Reis acolle mañá ás 12 horas no salón de plenos unha das xuntanzas que se celebran en seis vilas galegas**

**Caldas de Reis, 17 de novembro de 2015.** Caldas acolle mañá unha das seis xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade convocou para este semestre. O Concello, socio da entidade, será este xoves, 19 de novembro, o anfitrión dun encontro que reúne ao persoal técnico das administracións socias para dar conta dos proxectos apoiados en países do Sur e amosarlles as actividades de sensibilización que poden implementar ao longo do ano. A cita será ás 12 horas no salón de plenos da Casa Consistorial.

Entre o 17 e o 24 de novembro desenvólvense estes foros nos concellos de Nigrán, Ames, Caldas de Reis, Cartelle, Monforte de Lemos e a Deputación da Coruña. A Rede Municipalista Solidaria está integrada polas técnicas e técnicos delegados do Fondo Galego de Cooperación en cada una das **preto de cen administración locais e provinciais socias**. Todas as reunións darán comezo ás 12 horas e cada quen escolle a cal acudir, en ocasións na compañía de representantes políticos municipais. Desta volta, as xuntanzas cobran especial relevancia porque son as primeiras que se celebran tras a elección da nova Comisión Executiva da entidade, que se renova logo de cada convocatoria de comicios locais.

Nos encontros, a Secretaría Técnica do Fondo Galego informa sobre o estado da asociación, dos proxectos que se executan en países empobrecidos de Latinoamérica, África ou Asia, e das actividades dispoñibles para os concellos e deputacións. Neste senso, prestarase especial atención ao Plan 2015, que **reedita fórmulas de éxito** como o programa de voluntariado internacional Vacacións con Traballo, os encontros dixitais #Alén2015, os contos da Tropa de Trapo, os ciclos de cine ou as exposicións. Ademais, faise especial fincapé na comunicación con enfoque de cambio social e recolleranse tamén ideas para o próximo ano.

As xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria coa Secretaría do Fondo Galego de Cooperación celébranse cada seis meses co obxectivo de **render contas e favorecer un contacto directo** que garanta correcto funcionamento da asociación. O intercambio de ideas e opinións que se xera permite unha boa circulación da información, a comunicación e a transparencia, imprescindibles para realizar un traballo eficaz.

### **O Fondo Galego**

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 87 concellos e as deputacións da Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. Desde a súa fundación en 1997, o Fondo Galego ten desenvolvido máis de 150 proxectos en 25 países e promove numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur.

### **CALENDARIO DAS RMS**

**17/11/2015.** Concello de Nigrán. Salón de Actos do Concello (Praza da Constitución, s/n).

**18/11/2015.** Concello de Ames. Pazo da Peregrina (Avda. José Luis Azcárraga, 5. Bertamiráns)

**19/11/2015.** Concello de Caldas de Reis. Salón de Plenos de Concello (Rúa Ferrería, 1).

**23/11/2015.** Concello de Cartelle. Auditorio (Outomuro).

**24/11/2015.** Concello de Monforte de Lemos. Sala de Xuntas do Concello (Praza Campo de San Antonio, s/n).

**27/11/2015.** Deputación da Coruña. Sala Juanjo Gallo (Avda Alférez Provisional, 2. 6º andar).

### **ORDE DO DÍA DAS RMS**

1. Introducción ao Fondo Galego.
2. Exposición do estado dos proxectos de cooperación internacional.
2. Presentación do estado de execución do Plan de Sensibilización 2015.
3. Explicación do Plan de Comunicación e dos servizos de comunicación para socios.
4. Realización dun cuestionario para recoller novas propostas para a nova Lexislatura.
5. Rogos, preguntas, suxestións.

**NOTA DE PRENSA**



**ÁREA DE COMUNICACIÓN**  
Carmen Novas 616 145 077  
[comunicacion@fondogalego.org](mailto:comunicacion@fondogalego.org)



Secretaría Técnica do Fondo Galego  
Tel. 986 843 436 / 698 144 536  
[www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org)